



CCR/Ra/Ms

## MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 29 de outubro de 2021, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona María Paz Lago Martínez:

**15.7696.- ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- E, por último, Rogos e Preguntas. Pasen, por favor, o micro.

Sra. Lago Martínez.- Bo día a todas e a todos e teño dúas preguntas. A pregunta é sobre o proxecto, a primeira, sobre o proxecto Labora, ¿non?. O día 25 de outubro publícase no boppo, bueno, pois que xa está a resolución da concesión de axudas económicas ás persoas que participaron nesta formación. Vendo a situación que pasan cada unha delas, algúns se dirixeu a nós e nos pregunta se hai previsión de pago destas axudas, é dicir, se vai para longo ou proximamente poden contar co abono das mesmas.

Sra. Presidenta.- Lle contestaremos por escrito.

Sra. Lago Martínez.- Moitas gracias. E, a segunda pregunta, pois, como vostedes saben estanse a acometer unhas obras de recuperación do espazo para mobilidade da estrada provincial entre Curro e San Amaro, no Concello de Barro. Os veciños pois plantexan problemas, pois de comunicación, de que quedan pechados, problemas co transporte escolar, etc. ¿Poden dicirnos por que non se atenden estas melloras creendo que hai outras alternativas, estas demandas, perdón, dos veciños creendo que hai outras alternativas para poder facelo?

Sra. Presidenta.- Non sabe canto lle agradezo esta pregunta, lla agradezo moiisimo, lla vou a contestar pormenorizadamente. Mire, primeiro, nós somos un goberno serio, ¿non?, e ademais coñecemos a xente, ¿non?, entonces, claro, vimos a foto, ¿non?, na que o seu Voceiro, por certo, que é alcalde, ¿non?, tampouco nin sequera parece así moi leal con outros alcaldes, ¿non?, ir a montar lío a concellos veciños, pero bueno. Certamente, había en torno a unhas 25 persoas, e veciños de San Amaro pois asegúrolle que eran dous ou tres, a maioría eran veciños de outras zonas que nada teñen que ver con esta obra, porque nós coñecemos a xente; está moi ben, ¿non?; amais a convocatoria que se lle fixo a eses veciños foi para falar de subvencións para comunidades de montes, e non para falar desta obra. Dos veciños veciños desa zona había dous ou tres, ¿quen lidera esta protesta absolutamente inxustificada?, unha militante do Partido Popular, unha militante do Partido Popular.



Así que, eu creo que con esto se contestaría, ¿verdá?, ó que vostede me está solicitando. Porque mire, non é certo nada do que aí se plantexa. Primeiro, a obra estase executando en total concordancia entre o concello e as veciñas e veciños, por certo, con todas as medidas de seguridade, valados, sinalización. Os veciños propuxeron solucionar un posible problema para a traída de auga e non ter que volver a levantar a plaza, no día de mañá, os veciños, jeh!, o propuxeron, e nós nos pareceu que era bastante sensato o que decían e polo tanto se subsanou esa cuestión cos veciños e coa empresa, soamente houbo unha veciña que se opuxo, a militante do Partido Popular. En coordinación co concello e co colexio, falouse co Director do centro, buscouse a mellor solución para a ruta do autobús escolar e o propio centro, o propio Director, foi o que nos solicitou mover a marquesina que había na praza a un punto onde daba volta o autobús con seguridade, o Director, nos pediu, do centro. Todas estas cuestións se foron solventando de forma satisfactoria co concello e cos veciños e, polo tanto, eu creo que non se poden inventar cuestións que non existen. Vai a quedar espectacular as obras en Barro na praza de San Amaro, vai haber un cambio radical, radical, si, si, cumplindo o Decálogo, cumplindo o que defendemos do Plan Ágora, o noso posicionamento referente, revolucionario, que copia todo o mundo, que é o que se está aplicando en San Amaro, por certo, co alcalde, cas veciñas e cos veciños e co centro educativo, ¿non?. Polo tanto, nada do que aparecía naquela noticia era certo, as veciñas e veciños non eran de San Amaro, e foron convocados para falar de subvencións para comunidades de montes. Esta é a verdade do que sucedeu. Así que creo que queda claramente respostado. Non podemos inventar conflictos onde non existen. Por certo, vou a ir encantada xunto ao alcalde de Barro a inaugurar esta praza, porque vai a quedar niquelada, a ustedes non lle gusta a palabra niquelada, e a min encántame, niquelada. ...

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dona María Paz Lago Martínez.- Presidencia.- Vicepresidencia.- Emprego.- Infraestruturas.- Paula Fernández Pena (Presidencia).- Secretario.- Central.-

